



RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019, ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS

ANTECEDENTES

- 1 A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocaron o 28 de outubro de 2018 un concurso para a elaboración dunha exposición sobre a obra, a época e a lingua do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2019 –Antón Fraguas Fraguas– e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que este viviu.
- 2 O obxecto deste concurso foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre Antón Fraguas Fraguas e dun caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomenta o labor de investigación do alumnado sobre a obra, a época, a lingua e a etapa sociolingüística do autor homenaxeado.
- 3 Neste concurso puideron participar todos os centros docentes de ensino público non universitario dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- 4 A convocatoria estableceu dúas categorías:
Categoría A: para os centros de educación infantil e primaria.
Categoría B: para os centros de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, de formación profesional e para os restantes centros de ensinanzas especiais: ensinanzas artísticas (de arte dramática, de artes plásticas e deseño, de conservación e restauración, de danza, de deseño, de música), ensinanzas deportivas e ensinanzas de idiomas.
- 5 A xestión da convocatoria realizouse conforme as bases da convocatoria.

Unha vez recibido o ditame do xurado, que valorou os traballos presentados segundo o establecido na convocatoria,

RESOLVEMOS:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

- 1 Agradecerlles a todos os participantes o seu traballo e esforzo.
- 2 Declarar gañador do concurso na categoría A (educación infantil e primaria) a exposición “Antonio Fraguas, con A de agarimo e F de folclore”, elaborada polo CEIP Xesús San Luís Romero de Carballo (A Coruña), que recibirá o premio establecido na base 4.
- 3 Declarar gañador do concurso na categoría B (educación secundaria obrigatoria e bacharelato, de formación profesional e os restantes centros de ensinanzas especiais) a exposición “Insuela”, elaborada polo IES Álvaro Cunqueiro, de Vigo (Pontevedra), que recibirá o premio establecido na base 4.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019

O secretario xeral de Política Lingüística

O director xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Valentín García Gómez

Manuel Corredoira López



Xacobeo 2021

